UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | Historia da Lingua Inglesa | | Código | 613G03038 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Moskowich-Spiegel Fandiño, Isabel | Correo electrónico | isabel.moskowich-spiegel.fandino@udc.es | |
| Profesorado | Moskowich-Spiegel Fandiño, Isabel | Correo electrónico | isabel.moskowich-spiegel.fandino@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O curso pretende proporcionar ao estudantado os rudimentos básicos e as metodoloxías da lingüística diacrónica e mostrarlle como estes poden observarse no caso concreto da lingua inglesa. Pretende tamén explicar que as aparentes excepcións da lingua inglesa teñen causas históricas. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística a textos de diversos períodos históricos | A1<br>A20 | | |
| Coñecer as correntes teóricas da lingüística que influiron no desenvolvemento da filoloxía e da lingüística histórica | A3 | B1<br>B7 | |
| Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua inglesa. | A17<br>A21 | | |
| Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa | A19<br>A20<br>A21 | | C4<br>C6 |
| Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva tanto oralmente como por escrito. | A6<br>A18 | B4 | C2 |
| Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. | | B6 | |
| Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua inglesa. | A9 | | |
| Ser capaz de interpretar textos de diversas etapas da historia do inglés dende diversos niveis de anñalise (morofolóxica, fonolóxica, sintáctica, etc) | A2<br>A10<br>A11<br>A14<br>A15 | | |
| Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. | | B2 | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Conceptos básicos | Notación lingüística<br>Os períodos da historia da lingua |

| | |
|---|---|
| Hipóteses sobre a orixe das linguas | As teorías continuistas<br>As teorías discontinuistas<br>A lingua como facultade innata<br>A lingua como artefacto social |
| Cambio e variación | Qué é o cambio lingüístico? Marcos teóricos para o seu estudo |
| Os métodos da lingüística histórica | O método comparativo<br>O método reconstructivo |
| Diversidade lingüística e agrupamento | Cognados<br>Linguas e formas rexistradas |
| O Indoeuropeo e os seus dialectos | Historia externa<br>Linguas satem e linguas centum<br>Fonoloxía do indoeuropeo<br>Morfoloxía do indouropeo<br>Léxico indoeuropeo |
| O lugar do inglés no contexto indoeuropeo<br>e os dialectos do xermánico común | Innovacións xermánicas no léxico<br>Innovacións xermánicas na fonoloxía: o acento, leis de Grimm e Verner<br>Innovacións xermánicas na morfoloxía<br>A sintaxe do xermánico |
| Dialectos do xermánico | Rasgos do xermánico oriental<br>Rasgos do xermánico septentrional<br>Rasgos do xermánico occidental |
| Innovacións do xermánico occidental | Innovacións fonolóxicas<br>Innovacións morfolóxicas<br>Innovacións léxicas |
| Inglés antiguo | Historia externa<br>O léxico do inglés antiguo: historia externa e préstamos<br>Grafía e rasgos fonolóxicos<br>Rasgos morfolóxicos<br>A sintaxe do inglés antiguo<br>Os dialectos do inglés antiguo |
| Inglés medio | Historia externa<br>Cambios fonolóxicos e as súas repercusións<br>Simplificación da morfoloxía inglesa<br>Sintaxe, orde de palabras e os procesos analiticos en inglés medio<br>Variación diatópica |
| O estándar | Teorías que explican a aparición dunha variedade estándar |
| Inglés moderno temprano | Historia externa<br>Actitudes hacia o inglés<br>Inglés e latín<br>A expansión do público lector<br>A expansión do vocabulario<br>Debates sobre a lingua<br>Os diccionarios<br>As gramáticas e o prescriptivismo<br>O gran desprazamento vocálico e a reforma ortográfica<br>Variación diastrática<br>A expansión xepgráfica do inglés |
| Inglés moderno tardío | Historia externa<br>O refinamento da lingua<br>Rexistros e variación |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Actividades iniciais | A9 A11 B1 B6 | 2 | 2 | 4 |
| Sesión maxistral | A3 A14 A17 A19 A20 A21 B2 B7 C6 | 21 | 42 | 63 |
| Lecturas | A11 A14 | 0 | 15 | 15 |
| Prácticas a través de TIC | B1 B2 | 0 | 6 | 6 |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A6 A9 A15 A17 A18 A19 A20 A21 B7 C2 | 2 | 10 | 12 |
| Aprendizaxe colaborativa | A9 A11 A17 A21 B1 B2 B6 C6 | 3 | 4 | 7 |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A6 A11 A17 A21 B7 C2 | 10 | 5 | 15 |
| Seminario | A1 A2 A6 A10 A15 A18 B4 C2 C4 | 14 | 7 | 21 |
| Atención personalizada | | 7 | 0 | 7 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Actividades iniciais | O estudantado terá que revisar os materiais que se lle proporcionen na plataforma Moodle e respostar algunhas preguntas. |
| Sesión maxistral | A profesora exporá os contidos teóricos básicos da materia que os estudantes deben coñecer para alacanzar os obxectivos previstos na mesma. Asemesmo, poderá haber momentos de interactividade a fin de comprobar que os coñecementos obtidos por medio da aprendizaxe autónoma dos estudantes están ben afianzados e poden seguir as explicación. |
| Lecturas | O estudantado deberá facer as lecturas proporcionadas pola profesora en Moodle ou ou recomendadas na clase que deban procurar como parte da súa aprendizaxe autónoma. |
| Prácticas a través de TIC | Os estudantes realizarám algunhas actividades en liña (Moodle e outroas páxinas web académicas) ou fora de liña |
| Proba mixta | Os estudantes realizarán un exame que conterá diversos tipos de preguntas (curtas, longas, desenvolvemento dun tema) e o posible comentario lingüístico dun texto |
| Aprendizaxe colaborativa | O estudantado terá que facer traballos en pares ou en grupos e ccordinarse xa que non saberán qué membro do grupo terá que respostar en nome dos demáis na aula. |
| Análise de fontes documentais | O estudantado terá que ser quen de ler e interpretar textos de distintas épocas e conxugar coñecementos de historia externa e interna da lingua inglesa para dar a interpretación cultural do que o texto trasmite. |
| Seminario | Se traballará na aula sobre casos e textos reais para detectar e aplicar todos os fenómenos e aspectos tratados nas lecturas e nas sesións maxistrais |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Prácticas a través de TIC<br>Seminario<br>Análise de fontes documentais | Todas as actividades supoñen algún grao de atención personalizada da profesora que terá lugar tanto na aula como nas horas de titorías ou por medios electrónicos.<br><br>Prégase aos estudantes con necesidades especiais contacten coa profesora o máis axiña posible, así como coa ADI (unidade de atencióan á diversidade) da UDC. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba mixta | A1 A2 A3 A6 A9 A15 A17 A18 A19 A20 A21 B7 C2 | Todos os estudantes deberán facer un exame final na data oficial de Xaneiro. A nota mínima de este exame será de 4 (de 10) para tela en conta e sumar o resto das cualificacións. | 60 |
| Seminario | A1 A2 A6 A10 A15 A18 B4 C2 C4 | Os estudantes poderán ter que resolver algún problema ou facer un test na aula, na casa ou a través da plataforma Moodle. | 30 |
| Lecturas | A11 A14 | Os estudantes poderán ser avaliados por algunhas actividades relacionadas coas lecturas a desenvolver na aula ou na casa. | 5 |
| Aprendizaxe colaborativa | A9 A11 A17 A21 B1 B2 B6 C6 | Os estudantes terán que facer algún traballo en grupo. Algúns destes traballos serán tidos en conta para a avaliación. | 5 |

| Observacións avaliación |
|---|

Os estudantes serán avaliados ao longo do curso cun máximo de 4 actividades así como co exame final.
Para aprobar, os estudantes deben ter unha cualificación de alomenos 4 (de 10) no exame final. Tamén deben ter realizado e aprobado (cun 5) alomenos a metade das actividades necesarias.
Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada.
A falta de honradez académica penalizarase consonte ao establecido nas "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (art. 14).
Calquera caso de plaxio ou fraude académico significará un suspenso (0) na materia, tal e como aparece recollido no "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC":
Cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.
Para os traballos con evidencia de plaxio poderá usarse a aplicación Turnitin, que recoñece traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudante.
Tamén se baixará a nota no caso de non ter un uso da lingua inglesa adecuado ao nivel de 4º de grao segundo a memoria de verificación do Título (C1).
Os alumnos/as que non se presenten o día das probas obxectivas de xaneiro ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% das actividades durante o curso.
Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de de cembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.
Avaliación xullo:
Os estudantes que non superen a materia en xaneiro terán outra oportunidade en xullo na que se terá en conta o exame final (60%) así como unha actividade (40%). Os estudantes que teñan superado as actividades de avaliación continua previamente non terán que facela.
Aqueles alumnos que oficialmente teñan sido matriculados a tempo parcial e teñan concedida unha dispensa académica como establece a Normativa de Permanencia desta Universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo. Os estudantes a tempo parcial que teñan concedida unha "dispensa académica" deben contactar cola profesora ao comezo do cuatrimestre para facer os axustes precisos nas distintas actividades.
Diversidade:
A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física,visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental).De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/noCentro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, co a Unidade de Atención á Diversidade ( https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/ ); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal ).
-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas, entre outras medidas).
-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.
-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

| Fontes de información |
| --- |

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Campbell, L (1998). Historical Linguistics. An Introduction. . Edinburgh: Edinburgh University Press<br>- Crowley, T.  (1992). An Introduction to Historical Linguistics. Oxford: OUP (90-132).<br>- Fernández, Francisco (1982). Historia de la lengua inglesa. Madrid: Gredos<br>- Freeborn, Dennis  (1998). From Old english ro Standard Englisf. London: Macmillan Press.<br>- Hogg, Richard.M. et al. (eds)  (1992). The Cambridge History of the English Language. Cambridge: Cambridge UP.<br>- Millward, Celia M. and Hayes, Mary (2012). A Biography of the English Language. Wadsworth, Cengage learning<br>- Morgan, Kenneth O. (ed.) (2001). The Oxford History of Britain. Oxford University Press<br>- Moskowich, Isabel (1999). An(other) introduction to old English for non-English speaking students. Santiago de Compostela: Tórculo<br>- Pyles,T.and Algeo, J.  (1993). The Origins and development of the English Language. New York: Harcourt Brace Jovanovich Publishers<br>- Tejada Caller, Paloma  (1999). El cambio lingüístico. Claves para interpretar la lengua inglesa. Alianza. Madrid: Alianza<br>- Sankoff, Gillian (2001). Linguistic Outcomes of Language Contact. In In Peter Trudgill, J. Chambers & N. Schilling-Estes, eds.,  Handbook of Sociolinguistics.. Oxford: Basil Blackwell (638-668)<br><br /> |
| Bibliografía complementaria | - Barber, Charles  (1997). The English Language: A Historical Introduction. Cambridge<br>- Barber, Charles (1997). Early Modern English. Edinburgh University Press<br>- Baugh, A.;  Cable, T.  (2010). A History of the English Language. London: Routledge<br>- Bourcier, George (1981). Introduction to the History of the English Language. Dufour Editions<br>- Moskowich, Isabel (2012). Language contact and vocabulary enrichment : Scandinavian elements in Middle English/. Bern: Peter Lang<br>- Ramat, G. & Ramat, P. (eds). (1998). The Indo-European Languages. London: Routledge<br>- Soul, Nigel (ed.) (1997). The Oxford illustrated history of medieval England. Oxford University Press<br>- Whitelock, Dorothy (1976). The beginnings of English Society. Penguin Books |


| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Lingua Inglesa 1/613G03003<br>Lingua Inglesa 2/613G03008<br>Lingua Inglesa 3/613G03015<br>Lingua Inglesa 4/613G03019<br>Fonética da Lingua Inglesa/613G03023 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| Recoméndase unha boa competencia lingüística en inglés posto que se penalizarán<br>os erros gramaticais, orde de palabras non inglesa e falta de concordancia. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**